BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
LUNS, 27 DE MARZO DE 2023 N.º 071
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## ALFOZ

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 21 de marzo de 2023 apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha "Técnico sociocultural e turístico" (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2022 - PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO) e creación dunha listaxe de emprego temporal.

**CONVOCATORIA**

**Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de "Técnico Sociocultural e Turístico":**

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación: Técnico Sociocultural e Turístico** - Programa Fomento de Emprego 2022 - Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022.
- **Réxime Xurídico: Funcionario interino** (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo C - Subgrupo C1.
- **Duración vínculo de servizo:**6 meses e 4 días, desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 31/10/2023.
- **Xornada:** Completa (100%)

**Listaxe de emprego temporal para a praza de "Técnico Sociocultural e Turístico"**

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

**Prazo de presentación:** Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

**Lugar de presentación:** Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

**BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA CUBRIR UN EMPREGO: "TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO", FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 - PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022 E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.**

**1. OBXECTO.**

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de **"TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO"** a xornada completa ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2022 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo de data 10 de xaneiro de 2022.

**2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARACTERÍSTICAS:**

- **DENOMINACIÓN:**TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO
- **Grupo/subgrupo Profesional:** C/C1.

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ *"execución de programas de carácter temporal"* do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** 6 MESES e 4 DÍASdesde o seu nomeamento e cun límite temporal do 31 de outubro de 2023.
- **Xornada:** A tempo completo (100%).
- **cometido funcional:** Consistirá na realización de funcións propias de atención, información e realización de actividades, en calquera tipo de medio, encamiñadas a promoción sociocultural e turística do Concello de Alfoz e calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.

**3.- RETRIBUCIÓNS:** Soldo correspondente ao Grupo/Subgrupo Profesional C/C1 e Nivel Complemento de Destino: 20. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

**4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

**a) Xerais:**

- **Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo:** Estar en posesión do título de Bacharelato ou do ciclo formativo de técnico superior, titulación superior ou equivalente.

**b) Específicos:**

- **Estar inscrito na Oficina de Emprego** en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación ou informe da Oficina de Emprego.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: **CELGA 4** ou secarece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

**5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.**

**5.1. FASE DE OPOSICIÓN**.

A proba a realizar na fase de oposición será de carácter teórico e a súa finalidade é que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específica contidas no programa.

A proba poderá consistir, segundo determine o Tribunal, en:

**Primeira opción:**

**A)** Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias común do programa.

**B)** Exposición por escrito dun tema, ou dunha parte deste, das materias específicas do programa, determinado por sorteo diante das persoas participantes.

**Segunda opción:**

Nun exame tipo test que abrangue a totalidade do programa (materias comúns e específicas).

O Tribunal determinará:

- O número de preguntas do exame tipo test.
- O tempo para a realización da proba.
- Os criterios de corrección, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.
- A lectura pública polos aspirantes dos seus exercicios escritos sobre o tema específico, así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

Cualificarase ata un máximo de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

**5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 20 puntos).**

**Criterios xerais para todos os apartados do baremo**:

Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.

Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas do emprego convocado.

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

**5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 8 puntos).**

**Criterios xerais:**

•O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.

•A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcionarial, laboral ou, se é o caso, autónoma.

•No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.

•A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

**Criterios de puntuación**:

a) **Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público**.

Desempeño como técnico, monitor ou animador sociocultural e/ou turístico: Valorarase a razón de 0,20 puntos por cada 30 días de traballo.

Desempeño de prazas/postos/empregos con funcións similares ao posto convocado: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

b) **Experiencia profesional en Entidades Privadas**.

•Desempeño como técnico, monitor ou animador sociocultural e/ou turístico: Valorarase a razón de 0,14 puntos por cada 30 días de traballo.

•Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

**5.2.2. Formación académica (puntuación máxima 5 puntos).**

- Por estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre, impartidos ou homologados pola Administración Pública, de polo menos 200 horas de duración: 2 punto.
- Por estar en posesión dunha titulación dun ciclo superior relacionada coas funcións propias da praza que se convoca: 2 puntos por titulación.
- Por estar en posesión dunha titulación superior á mínima esixida e relacionada coas funcións propias da praza que se convoca: 2,5 puntos por titulación.

**5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 5 puntos).**

**Criterios xerais:**

•So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.

•Non se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.

•Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

- **Coñecementos ofimáticos (ata un máximo de 3 puntos).**

Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.

Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis, ...): 0,10 puntos por cada 10 horas de curso.

- **Outro tipo de formación (ata un máximo de 2 puntos).**

Polos cursos, xornadas, seminarios, masters propios e similares, relacionados co posto de traballo: 0,10 puntos por cada 30 horas de curso. (ata un máximo de 2 puntos)

**5.2.4. Idiomas acreditados (ata un máximo de 2 puntos).** So se puntuará o curso de maior puntuación de cada idioma.

- Coñecemento do idioma inglés: (ata un máximo de 1,5 puntos)

a) Nivel usuario básico: Nivel A1: 0,1 puntos. Nivel A2: 0,2 puntos.

b) Nivel usuario independente: Nivel B1: 0,4 puntos. Nivel B2: 0,8 puntos.

c) Nivel usuario competente: Nivel C1: 1,2 puntos. Nivel C2: 1,5 punto.

- Coñecemento doutros idiomas: (ata un máximo de 1 punto)

a) Nivel usuario básico: Nivel A1: 0,1 puntos. Nivel A2: 0,2 puntos.

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

b) Nivel usuario independente: Nivel B1: 0,30 puntos. Nivel B2: 0,6 puntos.

c) Nivel usuario competente: Nivel C1: 0,8 puntos. Nivel C2: 1 punto.

**6.- PROBA DE GALEGO.**

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

*"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.".*

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado nos requisitos deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

**7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.**

Conforme ao artigo 11.1 das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022, publicadas no BOP de Lugo número 6 do día 10 de xaneiro de 2022, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de "TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO", deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Documentación (certificado, informe ou tarxeta de demanda actualizada) da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.

**8. CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL ESPECÍFICA.**

A finalidade desta listaxe de emprego é atender as necesidades futuras de persoal temporal derivadas da propia convocatoria.

A listaxe de emprego temporal estará integrada polas persoas que superaron o proceso selectivo, pero non resultaron seleccionadas, ordenadas de maneira decrecente polas puntuacións obtidas.

A regulación desta listaxe está recollida nas Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos ao Concello de Alfoz, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2017 e publicada no BOP número 269 de 23 de novembro de 2017.

**9. PROGRAMA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ANIMADOR TURÍSTICO:**

**A) MATERIAS COMÚNS.**

**Tema 1.-**A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Estrutura.

**Tema 2.-** As Cortes Xerais. O Goberno. A Coroa.

**Tema 3.-** O Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional.

**Tema 4.-** A lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

**Tema 5.-** O Procedemento administrativo Local.

**B) MATERIAS ESPECÍFICAS.**

**Tema 1.-** Coñecemento do municipio de Alfoz: Historia, Patrimonio, Xeografía, cultura, e principais festas.

**Tema 2.-** Animación sociocultural: Concepto, obxectivos, funcións, modalidades.

**Tema 3.-** Elaboración e deseño de programas e proxectos culturais.

**Tema 4.-** A infraestrutura cultural para a práctica do lecer e o tempo libre en Alfoz.

**Tema 5.-** A lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.

**Tema 6.-** A promoción turística. A promoción de recursos turísticos. Galicia como destino turístico.

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

Alfoz, 21 de marzo de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0840

---

*Anuncio*

CORRECCIÓN DE ERROS

Advertido un erro no Boletín Oficial da Provincia do día 24 de febreiro de 2023, polo que se aproban os padróns de taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e o padrón da taxa por recollida delixocorrespondenteao segundo trimestre de 2022:

Onde di:

*“Fíxase un período de cobro en voluntaria dende o 20 de marzo ata o 20 de maio de 2023, ámbolosdous inclusive”*

Debe dicir:

*“ Fíxase un período de cobro en voluntaria dende o 22 de marzo ata o 22 de maio de 2023 ”*

Alfoz, 21 de marzo de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0841

---

## BÓVEDA

*Anuncio*

**EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 3º trimestre do exercicio 2022.

Por Resolución da Alcaldía, n.º.: 2023-0154, de data 22 de abril de 2023, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga, correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 5 de abril ao 5 de maio de 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificacion.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 20 de marzo de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López

R. 0842

---

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

## O CORGO

*Anuncio*

**RESULTADOS DOS PROCESOS LIBRES EXCEPCIONAIS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DOS POSTOS DE AXENTE DE EMPREGO (EPÍGRAFE DE SERVIZOS DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL), INFORMADOR/A XUVENIL-ENCARGADO/A DO TELECENTRO (EPÍGRAFE DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN XUVENIL), POSTOS Nº 1 E 2 DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR ETRABALLADOR/A SOCIAL (EPÍGRAFE DE SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS), ENCARGADO/A DE INSTALACIÓNS E EDIFICIOS MUNICIPAIS E DOUS OFICIAIS 2ª TRACTORISTAS PARA DESBROCE E TRATAMENTOS PREVENTIVOS.**

Rematados os procesos libres excepcionais para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo dos postos de referencia, de conformidade coa base décima das convocatorias, fanse públicos os resultados dosprocesos citados. A puntuación detallada dos méritos valorados consta nas actas das sesións dos correspondentes tribunais que se atopan publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica e taboleiro de edictos da Casa do Concello:

- **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUN POSTO DE AXENTE DE EMPREGO (EPÍGRAFE DE SERVIZOS DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL):**

| NOME E APELIDOS | DNI | CURSOS DE FORMACIÓN | SERVICIOS PRESTADOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Mª MARTA JACOB TRASHORRAS | **3392*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| ISABEL REJES CANOURA | **5946*** | 10 PUNTOS | 24,6 PUNTOS. | 34,6 PUNTOS |

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

| NOME E APELIDOS | DNI | TOTAL |
|---|---|---|
| MARÍA MARTA JACOB TRASHORRAS | **5946*** | 100 PUNTOS |

- **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUN POSTO DE INFORMADOR/A XUVENIL-ENCARGADO/A DO TELECENTRO (EPÍGRAFE DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN XUVENIL)**

| NOME E APELIDOS | DNI | CURSOS DE FORMACIÓN | SERVICIOS PRESTADOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| ROCÍO DÍAZ NÚÑEZ | **3320*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| MARTA PERNAS QUIROGA | **3442*** | 10 PUNTOS | 10,38 PUNTOS | 20,38 PUNTOS |
| DIEGO GARCÍA COUSO | **5597*** | 10 PUNTOS | 0,12 PUNTOS | 10,12 PUNTOS |

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

| NOME E APELIDOS | DNI | TOTAL |
|---|---|---|
| ROCÍO DÍAZ NÚÑEZ | **3320*** | 100 PUNTOS |

- **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DOS POSTOS Nº 1 E Nº 2 DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (EPÍGRAFE DE SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS)**

| NOME E APELIDOS | DNI | CURSOS DE FORMACIÓN | SERVIZOS PRESTADOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| MERCEDES EIRAS LÓPEZ | **8563*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| REMEDIOS PÉREZ PÉREZ | **8397*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| ANA FERNÁNDEZ ARANGO | **3467*** | 10 PUNTOS | 30.9 PUNTOS | 40.9 PUNTOS |
| ROCÍO ALONSO FREIRE | **5435*** | 10 PUNTOS | 17,58 PUNTOS | 27,58 PUNTOS |
| Mª LUZ RAMALLAL BARCIA | **3104*** | 10 PUNTOS | 15,98 PUNTOS | 25,98 PUNTOS |

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

O tribunal propuxo a contratación das dúas candidatas que obtiveron a maior puntuación no concurso de méritos:

| NOME E APELIDOS | DNI | TOTAL |
|---|---|---|
| MERCEDES EIRAS LÓPEZ | **8563*** | 100 PUNTOS |
| REMEDIOS PÉREZ PÉREZ | **8397*** | 100 PUNTOS |

- **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL**

| NOME E APELIDOS | DNI | CURSOS DE FORMACIÓN | SERVIZOS PRESTADOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Mª ISABEL CASTEDO GONZÁLEZ | **3158*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| FÁTIMA ABAD ISLA | **7455*** | 10 PUNTOS | 48,9 PUNTOS | 58,9 PUNTOS |
| SONIA TALLÓN PARGA | **5535*** | 10 PUNTOS | 16,92 PUNTOS | 26,92 PUNTOS |
| MARIA MANUELA ZAS CASTRO | **8535*** | 10 PUNTOS | 12 PUNTOS | 22PUNTOS |
| ESTEFANÍA VÁZQUEZ CRUZ | **0014*** | 10 PUNTOS | 4,56 PUNTOS | 14,56 PUNTOS |

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

| | | |
|---|---|---|
| MARIA ISABEL CASTEDO GONZÁLEZ | **3158*** | 100 PUNTOS |

- **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUN POSTO DE ENCARGADO DE INSTALACIÓNS E EDIFICIOS MUNICIPAIS**

| NOME E APELIDOS | DNI | CURSOS DE FORMACIÓN | SERVIZOS PRESTADOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| FRANCISCO TALLÓN FERREIRO | **8301*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| ISAAC LENCE FRANCO | **2807*** | 10 PUNTOS | 7,26 PUNTOS | 17,26 PUNTOS |

O tribunal propuxo a contratación do candidato que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

| NOME E APELIDOS | DNI | TOTAL |
|---|---|---|
| FRANCISCO TALLÓN FERREIRO | **8301*** | 100 PUNTOS |

- **PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE DOUS POSTOS DE OFICIAL 2ª TRACTORISTAS PARA DESBROCE E TRATAMENTOS PREVENTIVOS.**

| NOME E APELIDOS | DNI | CURSOS DE FORMACIÓN | SERVIZOS PRESTADOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| JOSÉ LUIS LÓPEZ DÍAZ. | **3333*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| JOSÉ M. TABOADA PUMARIÑO | **3407*** | 10 PUNTOS | 90 PUNTOS | 100 PUNTOS |
| JESÚS DÍAZ BUSTO | **3301*** | 10 PUNTOS | 61,68 PUNTOS | 71,68 PUNTOS |
| DIEGO LÓPEZ FERNÁNDEZ | **5837*** | 10 PUNTOS | 0,18 PUNTOS | 18,18PUNTOS |

O tribunal propuxo a contratación dos dous candidatos que obtiveron a maior puntuación no concurso de méritos:

| NOME E APELIDOS | DNI | TOTAL |
|---|---|---|
| JOSÉ LUIS LÓPEZ DÍAZ | **3333** | 100 PUNTOS |
| JOSÉ MANUEL TABOADA PUMARIÑO | **3407*** | 100 PUNTOS |

De conformidade coas bases, o Tribunal elevou as relacións precedentes, xunto coas actas das sesións ao Sr. Alcalde.

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

A publicación das puntuacións se realizará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, a documentación relacionada na base undécima, no caso de non tela presentado con anterioridade.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, os seleccionados non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/ta, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de UN MES a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

O Corgo, 21 de marzo de 2023.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0843

---

## OUTEIRO DE REI

*Anuncio*

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Rematado o prazo de solicitude para tomar parte no concurso de méritos para a cobertura das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Outeiro de Rei, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas segundo as bases da convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de educador/a familiar, bases publicadas na sede electrónica municipal con data 29/12/2022 (Decreto de Alcaldía núm. 2022-0281), no Diario Oficial de Galicia (DOG) o día 01/12/2022 e no Boletin Oficial do Estado (BOE) o día 29/12/2022.

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO |
|---|---|---|---|
| MARÍA CRISTINA | ESCOURIDO RAPA | 33 995 268 A | 02/01/2023<br>2023-E-RE-1 |
| MARIA DEL CARMEN | MARTÍNEZ REGUEIRO | 33 332 738 B | 12/01/2023<br>2023-E-RC-127 |

LISTA DE PERSOAS EXCLUÍDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO | MOTIVO EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|---|
| SARA | VILLALBA NOVO | 76 582 359 H | 30/12/2022<br>2022-E-RE-1006 | 1 |
| YAIZA | FERNÁNDEZ CARPINTERO | 33 559 081 B | 16/01/20232023-E-RE-32 | 1 |
| TANIA | LORENZO LÓPEZ | 76 582 538 J | 18/01/20232023-E-RE-38 | 1 e 2 |

MOTIVO DE EXCLUSIÓN DE ACORDO ÁS BASES DA CONVOCATORIA:

1.- Incumprimento disposición CUARTA 3.d das bases específicas (non presenta relación dos méritos alegados).

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

2.-Incumprimento disposición CUARTA 1. das bases específicas (presenta anexo solicitude incompleto e non consta a sinatura).

Segundo: Conceder ás persoas aspirantes excluídas, así como a aquelas persoas que non figuren nas listaxes (de ser o caso), un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, para que poidan reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

As persoas interesadas que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso de selección.

Terceiro: Publicar esta resolución no Boletin Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica municipal (https://outeiroderei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de edictos municipal.

Outeiro de Rei, 21 de marzo de 2023.- O alcalde, José Pardo Lombao. A secretaria, Cristina Castro Fuentes

R. 0834

---

*Anuncio*

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Rematado o prazo de solicitude para tomar parte no concurso de méritos para a cobertura das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Outeiro de Rei, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas segundo as bases da convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de arquitecto/a técnico/a, bases publicadas na sede electrónica municipal con data 29/12/2022 (Decreto de Alcaldía núm. 2022-0281), no Diario Oficial de Galicia (DOG) o día 01/12/2022 e no Boletin Oficial do Estado (BOE) o día 29/12/2022.

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO |
|---|---|---|---|
| ROSA ANA | RODRÍGUEZ FERREIRO | ****1985B | 04/01/2023 2023-E-RE-6 |
| SUSANA MARÍA | ABELLEIRA LENCE | ****7558S | 23/01/2013 2023-E-RE-54 |

LISTA DE PERSOAS EXCLUÍDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO | MOTIVO EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|---|
| PATRICIA | ABELLEIRA SÁNCHEZ | ****6888Q | 06/01/20232023-E-RE-8 | 1 |
| ISABEL | MONTENEGRO FEIJOO | ****9087E | 20/01/2023 2023-E-RE-53 | 1 |

MOTIVO DE EXCLUSIÓN DE ACORDO ÁS BASES DA CONVOCATORIA:

1.- Incumprimento disposición CUARTA 3.d das bases específicas (non presenta relación dos méritos alegados).

Segundo: Conceder áspersoas aspirantes excluídas, así como a aquelas persoas que non figuren nas listaxes (de ser o caso), un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, para que poidan reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

As persoas interesadas que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso de selección.

Terceiro: Publicar esta resolución no Boletin Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica municipal (https://outeiroderei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de edictos municipal.

Outeiro de Rei, 21 de marzo de 2023.- O alcalde, José Pardo Lombao. A secretaria, Cristina Castro Fuentes

R. 0835

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

*Anuncio*

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Rematado o prazo de solicitude para tomar parte no concurso de méritos para a cobertura das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Outeiro de Rei, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas segundo as bases da convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de animador/a sociocultural, bases publicadas na sede electrónica municipal con data 29/12/2022 (Decreto de Alcaldía núm. 2022-0281), no Diario Oficial de Galicia (DOG) o día 01/12/2022 e no Boletin Oficial do Estado (BOE) o día 29/12/2022.

PERSOAS ADMITIDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO |
|---|---|---|---|
| MARÍA CRUZ | SANJURJO COIRA | ****6242Y | 10/01/2023<br>2023-E-RC-91 |
| LUCÍA | CORNADO RODRÍGUEZ | ****6938 V | 26/01/2023<br>2023-E-RE-72 |

PERSOAS EXCLUÍDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO | MOTIVO EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|---|
| DIEGO | GARCÍA COUSO | ****9797Z | 03/01/2023<br>2023-E-RE-4 | 1 |

MOTIVO DE EXCLUSIÓN DE ACORDO ÁS BASES DA CONVOCATORIA:

1.- Incumprimento disposición CUARTA 3.d das bases específicas (non presenta relación dos méritos alegados).

Segundo: Conceder á persoa aspirante excluída, así como a aquelas persoas que non figuren nas listaxes (de ser o caso), un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Boletin Oficial da Provincia de Lugo, para que poidan reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

As persoas interesadas que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso de selección.

Terceiro: Publicar esta resolución no Boletin Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica municipal (https://outeiroderei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de edictos municipal.

Outeiro de Rei, 21 de marzo de 2023.- O alcalde, José Pardo Lombao. A secretaria, Cristina Castro Fuentes

R. 0836

---

*Anuncio*

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Rematado o prazo de solicitude para tomar parte no concurso de méritos para a cobertura das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Outeiro de Rei, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas segundo as bases da convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de **ADL**, bases publicadas na sede electrónica municipal con data 29/12/2022 (Decreto de Alcaldía núm. 2022-0281), no Diario Oficial de Galicia (DOG) o día 01/12/2022 e no Boletin Oficial do Estado (BOE) o día 29/12/2022.

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO |
|---|---|---|---|
| MARÍA SOLEDAD | PICÓN ACAL | ****7352E | 11/01/20232023-E-RC-105 |
| MERCEDES | CAMPOS CASARES | ****9733R | 27/01/20232023-E-RC-314 |

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

LISTA DE PERSOAS EXCLUÍDAS

| NOME | APELIDOS | DNI | DATA E NÚM. DE ENTRADA NO REXISTRO | MOTIVO EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|---|
| ISABEL | REJES CANOURA | ****4639E | 30/12/2022 2022-E-RE-1007 | 1 |
| DIEGO | GARCÍA COUSO | ****9797Z | 03/01/20232023-E-RE-3 | 1 |
| SILVIA | VÁZQUEZ BARREIRO | ****1396P | 26/01/20232023-E-RE-71 | 1 e 2 |

MOTIVO DE EXCLUSIÓN DE ACORDO ÁS BASES DA CONVOCATORIA:

1.- Incumprimento disposición CUARTA 3.d das bases específicas (non presenta relación dos méritos alegados).

2.-Incumprimento disposición QUINTA.3 das bases xerais (presenta anexo solicitude sen asinar).

Segundo: Conceder ás persoas aspirantes excluídas, así como a aquelas persoas que non figuren nas listaxes (de ser o caso), un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Boletin Oficial da Provincia de Lugo, para que poidan reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

As persoas interesadas que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso de selección.

Terceiro: Publicar esta resolución no Boletin Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica unicipal (https://outeiroderei.sedelectronica.gal) e no taboleiro de edictos municipal.

Outeiro de Rei, 21 de marzo de 2023.- O alcalde, José Pardo Lombao. A secretaria, Cristina Castro Fuentes

R. 0837

## RIBADEO

*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de marzo de 2023 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **XANEIRO-FEBREIRO 2023**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 16 de marzo de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 0844

# NOTARÍA

*Anuncio*

MANUEL IGNACIO CASTRO-GIL IGLESIAS, Notario del Ilustre Colegio de Galicia, con residencia en 27001 Lugo, Calle de la Reina, 1, 4º,

Hago constar:

Que en esta Notaría, a instancia de Don José Benedicto y Doña Nélida Fernández Blanco, se está tramitando la partición mediante contador partidor dativo de las herencias quedadas al fallecimiento de Don José María Blanco y Doña María Balbina López Turia, en los términos de los artículos 1.057 del Código Civil y 66 de la Ley Orgánica del Notariado. Ello, en acta autorizada por mí, el día dieciséis de marzo de dos mil veintitrés , con el número 1.152 de mi Protocolo.

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

Y siendo heredero interesado, DON GERMÁN y DON JOSÉ ANTONIO BLANCO LÓPEZ, cuyo domicilio se ignora, por el presente se les notifica que es voluntad de los requirentes, como titulares de al menos el cincuenta por ciento del haber hereditario, efectuar la partición de las refereidas herencias, mediante contador partidor dativo, al amparo de los preceptos legales citados. A tal fin, se designará el correspondiente contador partidor por parte del Colegio Notarial de Galicia y, posteriormente, tras las preceptivas comprobaciones, se procederá a la protocolización notarial de la partición.

Lo que se le comunica a los efectos legales oportunos."

Lugo, veinte de marzo de dos mil veintitrés.

R. 0845

---

# MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/40187**

Belen Corral Val, con D.N.I.***5584**, solicita autorización para legalización de una plantación en la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego de Portolamas

MARGEN / RIBERA: derecha

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A LEGALIZAR: 250 eucaliptos

LUGAR: Parcela 218 del polígono 198

PARROQUIA: Anafreita (San Pedro)

TÉRMINO MUNICIPAL: Friol

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 21 de marzo de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 0846

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/04042/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Victoriano Tierra Sánchez

Nombre del río o corriente: Río Cinsa, en su m.d.

Punto localización: Casares

Término municipal y provincia: Monforte de Lemos, Lugo

Caudal concedido: 1,36 l/s

Destino: Riego

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 12 de abril de 1996

Registro de Aguas: 5062, Sección A, en el Tomo 0051, hoja número 062

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Monforte de Lemos** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 20 de marzo de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0847

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/07573/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. ª Dolores Grande Carregal

Nombre del río o corriente: Manantial de Nabeira

Punto localización: Guldriz de Arriba, paraje finca Nabeira, parroquia de Santiago de Guldriz

Término municipal y provincia: Friol, Lugo

Caudal concedido: 0,03 l/s

Destino: Uso doméstico y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 16 de marzo de 1999

Registro de Aguas: 8428, Sección A, en el Tomo 0085, hoja número 028

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Friol** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 20 de marzo de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0848

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/04626/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Ramiro López López

Nombre del río o corriente: Fuente Fonte do Namelo

Punto localización: Lugar de Santa Icía, finca Naelo de Herba Verde, parroquia de Loureiro

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)

Término municipal y provincia: Sarria, Lugo

Caudal concedido: 0,15 l/s

Destino: Uso doméstico, ganadero y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 18 de enero de 1996

Registro de Aguas: 4775, Sección A, en el Tomo 0048, hoja número 075

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Sarria** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 20 de marzo de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0849

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/05628/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Regantes Arroyo de Teixeira-Presa de Suarriba

Nombre del río o corriente: Arroyo de Guimarei

Punto localización: Presa de Suarriba, en Suarriba, parroquia de Arroxo

Término municipal y provincia: Baralla, Lugo

Caudal concedido: 1,18 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 06 de febrero de 1998

Registro de Aguas: 7416, Sección A, en el Tomo 0076, hoja número 016

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Baralla** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 20 de marzo de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0850

---

Anuncio publicado en: Num BOP 71 año 2023 (27/03/2023 08:00:00)